Programación didáctica curso 2023-2024

Ámbito de comunicación ESA III- IV

# IES Plurilingüe Castro da Uz

As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

# Índice

1. Membros integrantes do departamento....................................................................3

2. Contextualización.........................................................................................................3

3. Introdución...................................................................................................................5

4. Obxectivos da ESA.......................................................................................................9

5. Contidos e temporalización........................................................................................11

6. Criterios de avaliación xerais......................................................................................42

7. Metodoloxía...................................................................................................................44

8. Procedementos e instrumentos de avaliación.........................................................45

9. Criterios de cualificación............................................................................................46

10. Mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva......................................47

11. Medidas de atención á diversidade..........................................................................47

12. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores e avaliación de alumnos pendentes......................................................48

13. Actividades extraescolares........................................................................................49

14. Proxecto lector.............................................................................................................50

15. Plan de integración das teconoloxías da información e da comunicación (TIC)......52

16. Criterios para avaliar a programación......................................................................53

17. Protocolo de información sobre a programación....................................................53

# 1. **EQUIPO DOCENTE DO ÁMBITO DE COMUNICACIÓN**

Juan Iglesias Pereira (Xefe do *Departamento de Lingua e Literatura Castelá e* Xefe de Estudios de Educación Secundaria para Adultos) Imparte clases de *Lingua e Literatura Castelá* no módulo de Comunicación (Lingua Castelá e Lingua Galega) de Terceiro e Cuarto de Educación Secundaria para Adultos e en Terceiro e Cuarto de Educación Secundaria Obligatoria.

Diego Pereiro Salgueiro. Imparte clases de *Inglés* no módulo de Comunicación de Terceiro e Cuarto de Educación Secundaria para Adultos.

# 2. CONTEXTUALIZACIÓN

Trátase dun centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.O centro foi inaugurado no curso 1980-1981 como instituto de Formación Profesional de As Pontes de García Rodríguez, logo cambiaría de nome para I.E.S. As Pontes, ate que no ano 2003 (DOG 2-6-2003), pasa a chamarse IES Castro da Uz, nome que mantén na actualidade.

En canto ao alumnado que se recibe, a maioría do alumnado de ESO procede do centro adscrito CEIP A Fraga, aínda que nos últimos anos estase recibindo alumnado de todos os centros de primaria da vila. Todo o alumnado procede de familias de clase socioeconómica media.

Impártense os seguintes niveis educativos, que suman na actualidade 16 unidades e aproximadamente 180 alumnas e alumnos:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Ciclos formativos de grao medio:
  - Sistemas microinformáticos e redes.
  - Electromecánica de vehículos automóviles.
  - Soldadura e calderaría (Dual)
- Ciclos formativos de grao superior:
  - Administración e finanzas
  - Mecatrónica industrial (Dual)
  - Desenvolvemento de aplicación web (Dual)
- Educación Secundaria para adultos:
  - Módulo III e IV.
- FP Básica da rama de Electromecánica de vehículos

No centro, ao longo do ano, realízanse diversas actividades de carácter cultural e de integración social coma o Magosto, actividades de nadal, entroido, semana das letras galegas eoutras organizadas polos departamentos didácticos, entre as que podemos salientar charlas e conferencias,visitas a diversas empresas relacionadas cos ciclos que se imparten no centro, realización de viaxes a outros paises organizados polos departamentos de idiomas ou rutas literarias.

# 3. INTRODUCIÓN

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos , a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, esta materias  persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

Cómpre ter en conta que a lingua é un instrumento de comunicación que as persoas empregamos para expresar os nosos sentimentos e pensamentos nas diversas

circunstancias e contextos. Por este motivo a aprendizaxe lingüística debe axudar a desenvolver as capacidades tanto orais como escritas de maneira que fagamos, e ensinemos a facer, un uso cada vez máis correcto, tanto da competencia pasiva (ler e entender), como da activa (falar e escribir). Sen esquecer:

-Gozar coa correcta creación de textos propios de todo tipo e do pracer da lectura.

-Comprender as mensaxes independentemente da canle e contextos empregados e ser capaces de reproducilas.

-Respectar a propia lingua como marca distintiva da nosa identidade cultural.

-Entender a literatura como fonte de pracer e enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada.

O Decreto 86/2015 desenrola a *Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa* e establece o curriculo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas –recoñecendo a importancia da lectura como un factor primordial para o desenvolvemento destas, así como o achegamento ás tecnoloxías da información e á comunicación, e á educación en valores-, contidos, métodoloxía didáctica e criterios de avaliación, estandares e resultados de aprendizaxe avaliables

## 1. *Competencias básicas*

Entendendo por competencia básica a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Neste apartado teremos como finalidade unir os saberes, as habilidades, as actitudes, o saber e o saber facer, o saber ser e o saber estar. O noso obxectivo será desenvolver dun xeito integrador os coñecementos, as habilidades e as

actitudes persoais adquiridas nesta etapa educativa polos alumnos e alumnas para que ao finalizar o ensino obrigatorio poidan lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Para que estas competencias permitan identificar as aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos, marcámonos os seguintes obxectivos:

-Fomentar o desenvolvemento de capacidades máis que a asimilación de contidos.

-Considerar o carácter aplicativo das aprendizaxes. Unha persoa competente, preparada, é quen de resolver os problemas en todo tipo de situacións.

-Propiciar o carácter interdisciplinar e transversal para integrar aprendizaxes procedentes de distintas disciplinas.

-Conseguir que os mozos e as mozas desenvolvan ao máximo as súas capacidades nun marco de calidade e equidade; converter os obxectivos xerais en logros concretos, adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas en que os centros se desenvolven, conseguir que os pais e as nais se impliquen na educación dos fillos.

Dende este Departamento traballaranse estas competencias básicas partindo da *competencia de comunicación ingüística (CCL):*

Seguir utilizando a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Así fomentaremos a expresión dos seus pensamentos, o diálogo, a

argumentación de diferentes temas, a coherencia e cohesión nas súas manifestacións – tanto a nivel oral como escrito-a necesidade de escoitar e ser escoitado, o respecto polas quendas...

Para unificala co resto das competencias, no que respecta ao tratamento da *información e da competencia dixital (CD)*

Aproveitaranse os recursos tecnolóxicos que temos para seguir aprendendo a buscar, obter, seleccionar, procesar e comunicar información, e transformala en coñecemento independentemente do soporte empregado.

Na *competencia social e civica (CSC):*

Continuarán achegándose á realidade social na que viven, cooperando para mellorar a situación de moitos desfavorecidos e intentando conseguir un mundo no que todos e todas teñamos os mesmos dereitos.

*Conciencia e expresións culturais (CCEC):*

Apreciarán, recoñecerán e valorarán as diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilizaranas como fonte de enriquecemento e desfrute e consideraranas parte do patrimonio dos pobos. Valorarán as súas propias creacións e daranlles a mesma importancia cás demais, porque saen deles e delas e merecen o seu recoñecemento para fomentar a autoestima no alumnado.

*Competencia para aprender a aprender (CAA):*

Continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo. Adquirindo conciencia das propias capacidades, do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas e dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que redunde na motivación, na autoconfianza e no gusto por aprender.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):*

Valorarán a importancia de ser responsables á hora de afrontar situacións que lles presente a vida e deberán ter recursos para afrontalas e aceptar os éxitos ou “fracasos”, sabendo que a perseveranza, o coñecemento de si mesmo, a autoestima, a autocrítica... Son factores que determinan a madurez das persoas.

Os coñecementos, destrezas e actitudes que todo individuo precisa para o seu desenvolvemento persoal e a súa inserción na sociedade e no mundo laboral, deberan estar desenvolvidas ao acabar a ensinanza obrigatoria e servir de base para unha aprendizaxe ao longo da vida.

## 4. OBXECTIVOS DA ESA

1. Valorar positivamente a lingua castelá, en tanto serve como instrumento de comunicación e produciu insignes obras literarias (valor estético da lingua).

2. Comprender diferentes tipos de discursos orais e escritos.

3. Expresarse –oralmente e por escrito-con corrección, coherencia, creatividade e adecuación.

4. Evitar a persistencia de prexuizos de todo tipo (culturais, lingüísticos, etc.).

5. Reflexionar sobre os mecanismos da lingua, así como sobre os seus elementos formais, para mellorar e perfeccionar a capacidade comunicativa do discente.

6. Ser capaces de buscar información, asimilala, estudiala con capacidade crítica e poder presentala con adecuación ao fin para ou que foi criada.

7. Analizar e interpretar as linguaxes específicas e as funcións sociais dos medios de comunicación, estando alertas ante a capacidade que estes medios de comunicación social posúen para manipular a opinión do público.

8. Ler con pracer e aproveitamento as obras de lectura propostas, atopando nos libros unha posible fonte de ampliación das experiencias personais, do coñecemento do patrimonio cultural e do interese dos alumnos por escribir textos orixinais.

## Obxectivos comúns da ESO e da ESA:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.

2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.

3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.

4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.

6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.

7. Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do

mundo e consolidar hábitos lectores.

9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

10. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

12. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

## 5. CONTIDOS e TEMPORALIZACIÓN

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica distintos aspectos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En coherencia con este principio, a lei dedica o capítulo IX do seu título I á educación das persoas adultas e establece, no seu artigo 66, que esa educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezaoito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Inmediatamente despois, o texto da lei enumera os obxectivos da educación de adultos, que son, entre outros, adquirir a formación básica, facilitar o acceso aos diferentes niveis do sistema educativo, mellorar a cualificación profesional, desenvolver a participación na vida social e corrixir os riscos de exclusión social.

No punto 2 do artigo 67, a mencionada lei orgánica establece que a organización e a metodoloxía destas ensinanzas se basearán na autoaprendizaxe e terán en conta as experiencias, necesidades e intereses das persoas adultas, podendo desenvolverse a través do ensino presencial e tamén mediante a educación a distancia. Igualmente, no punto 7 dese mesmo artigo afírmase que as ensinanzas das persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses; e no seu artigo 68, establece que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación básica contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades.

Nesta liña, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina na súa disposición adicional cuarta que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por vía regulamentaria poderá establecer currículos específicos para a educación de persoas adultas que conduzan á obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Con base nesta habilitación normativa e co fin de adaptar a oferta da formación básica ás condicións, necesidades e intereses das persoas adultas, nesta orde establécese un currículo específico, aberto, flexible e adecuado ás características do alumnado adulto, correspondéndolle a cada centro educativo as súas adaptacións ás condicións concretas do seu alumnado.

**Educación secundaria para persoas adultas**

• Ámbito da comunicación.

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación,

creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural.

A aprendizaxe lingüística non pode ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito, a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.

O ámbito da comunicación, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Lingua Estranxeira, presenta unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto de orientación comunicativa entre as diversas linguas. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

Neste ámbito preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais para alcanzar unha competencia plena en ambas as dúas, favorecer unha actitude positiva cara a elas, tendo en conta a situación social de minorización social da lingua propia, e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Existe unha serie de contidos que son transferibles entre as materias que integran o ámbito, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer, porén, a existencia de

aspectos específicos de cada unha delas, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambas as dúas.

Os contidos do ámbito da comunicación fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: as normas ortográficas, as clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, as obras e os xéneros máis representativos das literaturas en lingua galega e en lingua castelá.

O ámbito da comunicación preséntase, en cada módulo, dividido en cinco bloques:

O bloque 1 «Comunicación oral: escoitar e falar» atende o uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque 2 «Comunicación escrita: ler e escribir» persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en lingua galega e en lingua castelá.

O bloque 3 «Funcionamento da lingua» responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación e arrédase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque 4 «Lingua e sociedade» céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüísmo como unha situación habitual e enriquecedora de todos

os individuos. Asemade, incide na identificación e superación de prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos e os aplique á situación das linguas en Galicia.

O bloque 5 «Educación literaria» asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en lingua galega e en lingua castelá.

A organización e secuenciación dos contidos nos catro módulos realizouse tendo e conta que o currículo vai dirixido a persoas adultas de características diversas. Tivéronse en conta tres principios:

O seu nivel de dificultade, comezando coa tipoloxía textual que presenta un menor nivel de dificultade ou coa que o alumnado adulto está máis familiarizado.

A integración de contidos relativos aos cinco bloques temáticos. Canto á educación literaria, a introdución de contidos de historia literaria comeza nos módulos tres e catro. Destínase o módulo tres á historia das literaturas en lingua galega e en lingua castelá ata o século XX e o módulo catro á literatura dos séculos XX e XXI, por ser a máis próxima aos gustos do alumnado e a que mellor pode propiciar o desenvolvemento do aprecio pola lectura como fonte de coñecemento e pracer.

Reiteración en todos os módulos dos contidos que inciden na capacidade de lectura comprensiva e expresión oral e escrita do alumnado.

O ámbito da comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias clave de educación secundaria.

– Comunicación lingüística (CCL).

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e co contexto comunicativos.

– Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A linguaxe é, así mesmo, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

– Competencia dixital (CD).

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

– Aprender a aprender (CAA).

O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionarios, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

– Competencias sociais e cívicas (CSC).

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de

maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.

O ensino das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

– Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

– Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade, así como a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

O tratamento dos contidos que integran o ámbito de comunicación ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten con estas competencias clave.

## ÁMBITO DA COMUNICACIÓN: LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA MÓDULO 3

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comunicación oral. Escoitar e falar** | | | | |
| b<br>g<br>h<br>j<br>p | B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais expositivos e argumentativos. | B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos. | B1.1.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | CCL |
| | | | B1.1.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. | |
| | | | B1.1.3. Diferencia as explicacións dos argumentos. | CCL<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>g | B1.2. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto. | B1.2. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. | B1.2.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| a<br>b<br>c<br>d<br>f<br>g<br>n | B1.3. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.3. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.3.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral e propón solucións para melloralas. | CCL<br>CAA |
| | | | B1.3.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar coa pronuncia da lingua galega. | CAA |
| | | | B1.3.3. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | CCL<br>CCEC |
| a<br>b | B1.4. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para | B1.4. Aplicar técnicas e estratexias para falar en | B1.4.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou | CCL<br>CAA |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| f<br>g<br>p | falar en público. | público, en situacións formais ou informais. | informais breves. | |
| | | | B1.4.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais utilizando unha linguaxe correcta e rica. | CCL |
| | | | B1.4.3. Recoñece e avalía erros nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos. | CCL<br>CAA |
| b<br>c<br>f<br>g<br>h<br>j<br>p | B1.5. Construción de textos expositivos e argumentativos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados. | B1.5. Producir textos expositivos e argumentativos en diferentes rexistros. | B1.5.1. Participa en conversas informais nas cales intercambia información e expresa a súa opinión. | CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CCEC |
| | | | B1.5.2. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa. | CCL<br>CSC |
| | | | B1.5.3. Realiza exposicións educativas sinxelas. | CCL |
| f<br>i | B1.6. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. | B1.6. Coñecer e aplicar, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. | B1.6.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | CD<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | B1.6.2. Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para facer de maneira visual as súas presentacións máis claras e atractivas. | CD<br>CCL<br>CSC |
| a<br>b<br>c<br>f<br>g<br>j<br>p | B1.7. Participación activa e argumentada en debates nos cales se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | B1.7. Participar activamente e con argumentos en debates nos cales se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | B1.7.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. | CCL<br>CAA |
| | | | B1.7.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | CCL<br>CSC |
| | B1.8. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social. | B1.8. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais. | B1.8.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |

**Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>g | B2.1. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos | B2.1. Comparar textos literarios e non literarios e | B2.1.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| j | dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. | diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. | similitudes. | |
| | | | B2.1.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. | |
| e<br>g<br>h | B2.2. Análise de textos literarios, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | B2.2. Analizar textos literarios, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | B2.2.1. Analiza textos literarios, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | |
| e<br>f<br>g<br>h<br>j | B2.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos. | B2.3. Comprender, interpretar e valorar textos expositivos e argumentativos. | B2.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto expositivo ou argumentativo. | |
| | | | B2.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. | |
| | | | B2.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos. | CCL<br>CAA |
| a<br>e<br>f<br>g<br>h<br>i<br>j<br>p | B2.4. Produción de textos expositivos e argumentativos a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación. | B2.4. Producir textos expositivos e argumentativos. | B2.4.1. Produce textos expositivos e argumentativos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. | CCL<br>CD |
| e<br>g<br>m | B2.5. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | B2.5. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | B2.5.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | CCL<br>CCEC |
| a<br>f<br>i | B2.6. Uso dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, organizar e seleccionar a información. | B2.6. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, organizar e seleccionar información. | B2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores da internet para obter, organizar e seleccionar información. | CCL<br>CAA<br>CD |
| a<br>b<br>g<br>n | B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións. | B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e | B2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | CCL |
| | | | B2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | discriminacións. | que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | CSC |
| a<br>f<br>g<br>i | B2.8 Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. | B2.8. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. | B2.8.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. | |
| | | | B2.8.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos. | CCL<br>CAA |
| | | | B2.8.3. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. | CCL<br>CSC |
| | | | B2.8.4. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión internas do texto. | CCL |
| | | | B2.8.5. Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma. | CCL<br>CAA |
| a<br>f<br>g<br>i | B2.9. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros. | B2.9. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas. | B2.9.1. Usa as tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. | CCL<br>CD |

**Bloque 3: Funcionamento da lingua**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>g<br>i | B3.1. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. | B3.1. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. | B3.1.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. | CCL |
| | B3.2. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica e textual. | B3.2. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica e textual. | B3.2.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica. | |
| | | | B3.2.2. Revisa os textos para puntuar correctamente. | |
| | B3.3. Análise e uso reflexivo da acentuación, especialmente a diacrítica. | B3.3. Analizar e usar correctamente as normas de acentuación. | B3.3.1. Analiza e usa correctamente as normas de acentuación. | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | B3.4. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. | B3.4. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. | B3.4.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. | |
| | | | B3.4.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. | |
| | B3.5. Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. | B3.5. Recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais. | B3.5.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | |
| | B3.6. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes. | B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos. | B3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | |
| | B3.7. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes. | B3.7. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos. | B3.7.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | |
| | B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais. | B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. | B3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | |
| | B3.9. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos diferentes conectores textuais. | B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais. | B3.9.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. | |
| e<br>f<br>g | B3.10. Reflexión e explicación das relacións semánticas: sinonimia e antonimia. | B3.10. Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia. | B3.10.1. Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia. | CCL<br>CAA |
| | | | B3.10.2. Emprega un vocabulario amplo e | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | preciso utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia. | |
| **Bloque 4: Lingua e sociedade** | | | | |
| b<br>c<br>d<br>f<br>g<br>m<br>n | B4.3. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. | B4.3. Coñecer e describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España. | B4.3.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos. | CCL<br>CSC |
| | | | B4.3.2. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos. | |
| | B4.4. Prexuízos lingüísticos. | B4.4 Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | B4.4.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | |
| **Bloque 5: Educación literaria** | | | | |
| e<br>g<br>m<br>n | B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX. | B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX. | B5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX. | CCL |
| | | | B5.1.2. Sinala os principais trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX. | |
| a<br>d<br>e<br>g<br>h<br>i<br>m<br>n | B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | B5.2. Seleccionar, ler e comentar de xeito autónomo textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. | B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX para a súa lectura. | |
| | | | B5.2.2. Le e comenta de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente. | |
| | | | B5.2.3. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos definitorios e ponos en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s). | |
| d<br>e<br>g<br>h<br>m<br>n | B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, realizar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | |
| a<br>b<br>e<br>g<br>i<br>m | B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | |
| a<br>e<br>f<br>i | B5.5. Consulta de fontes de información e familiarización coas tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas. | B5.5. Consultar fontes de información e familiarizarse cos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas. | B5.5.1. Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas. | CCL |
| | | | B5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes. | CCL<br>CD |
| a<br>g<br>h<br>m | B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula. | B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula. | B5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula. | CCL<br>CCEC |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos. | |

## ÁMBITO DA COMUNICACIÓN. LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA MÓDULO 4

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comunicación oral. Escoitar e falar** | | | | |
| | B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación: a información e a opinión. | B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación. | B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do falante. | CCL |
| | | | B1.1.2. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. | CCL<br>CAA |
| d<br>e<br>h | B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de natureza diversa (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | B1.2. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | B1.2.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. | |
| | | | B1.2.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a prol ou en contra dunha opinión ou posición. | CCL<br>CSC |
| a<br>c<br>d<br>h | B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto, identificando prexuízos e mensaxes discriminatorias. | B1.3. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | B1.3.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | CCL |
| | | | B1.3.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. | CCL<br>CSC |
| | | | B1.3.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, | CCL<br>CSC |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | CSIEE |
| h<br>o | B1.4. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas e planificadas con apoio das tecnoloxía da información e da comunicación, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | B1.4. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | B1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL<br>CSC |
| b<br>h | B1.5. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas. | B1.5. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas. | B1.5.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións. | CCL<br>CCA |
| h<br>o | B1.6. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social. | B1.6. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais. | B1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CSIEE |
| **Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir** | | | | |
| b<br>f<br>h | B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. | B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos. | B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). | CCL<br>CCA |
| | | | B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. | CCL |
| | | | B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. | |
| | | | B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. | |
| | | | B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao | CCL<br>CAA |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | seu discurso. | |
| | B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial. | B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial. | B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. | CCL |
| | | | B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación. | CCL<br>CSC |
| | B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet. | B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet. | B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. | CCL<br>CD |
| | | | B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas. | CCL |
| d<br>e<br>h<br>d | B2.4. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. | B2.4. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. | B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. | CCL<br>CSC |
| | | | B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión. | |
| | B2.5. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. | B2.5. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. | B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). | |
| | | | B2.5.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación. | |
| c<br>d<br>h | B2.6. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios. | B2.6. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | B2.6.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | CCL<br>CSC |
| | | | B2.6.2. Detecta prexuízos e mensaxes | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade. | |
| b<br>f<br>h | B2.7. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). | B2.7. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). | B2.7.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). | CCL |
| | | | B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. | |
| | | | B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión. | |
| | | | B2.7.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente. | CCL<br>CD |
| | | | B2.7.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación. | CCL |
| | B2.8. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, xurídico, administrativo e comercial. | B2.8. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, xurídico, administrativos e comerciais. | B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación. | CCL<br>CD<br>CSC |
| b<br>e<br>h | B2.9. Produción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión. | B2.9. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión. | B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión. | |
| d<br>h | B2.10. Valoración da escritura como un instrumento de | B2.10. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, | B2.10.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para | CCL<br>CSC |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal. | nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo. | organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | CCEC |
| **Bloque 3: Funcionamento da lingua** | | | | |
| b<br>e<br>l | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. | B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía. | B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. | CCL<br>CAA |
| | | | B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas. | |
| b<br>e<br>i | B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras. | B3.2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina. | B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. | |
| | | | B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. | |
| | | | B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. | CCL |
| | | | B3.2.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega. | |
| b<br>e | B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. | B3.4. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. | B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos. | |
| | | | B3.4.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. | CCL |
| e | B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica. | B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica. | B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica. | |
| b<br>e | B3.6. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado. | B3.6. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos. | B3.6.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. | CCL<br>CAA |
| | | | B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | B3.6.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica. | |
| | | | B3.6.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. | |
| | | | B3.6.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta. | |
| e<br>h | B3.7. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e conclusión, e mais dos mecanismos de cohesión textual. | B3.7. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | B3.7.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | CCL<br>CAA |
| e | B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e o vínculo e progresión temáticos en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros. | B3.8. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, o vínculo e progresión temáticos, e elabora textos de acordo con estes parámetros. | B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. | CCL |
| | | | B3.8.2. Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios e alleos. | CCL<br>CAA |
| | | | B3.8.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. | CCL |
| | | | B3.8.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática. | |
| b<br>e | B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto. | B3.9. Xustifica a adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada. | B3.9.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. | CCL<br>CAA |
| | | | B3.9.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual. | CCL |
| b<br>e<br>h | B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, | B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos | B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as | CCL<br>CAA |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | competencias que posúe como persoa plurilingüe. | |
| b<br>e | B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | CCL<br>CAA |
| **Bloque 4: Lingua e sociedade** | | | | |
| | B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. | CCL<br>CCEC |
| m<br>n | B4.2. O plurilingüísmo como expresión da riqueza cultural da humanidade. | B4.2. Apreciar o plurilingüísmo como expresión da riqueza cultural da humanidade. | B4.2.1. Valora o plurilingüísmo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. | CCL |
| | B4.7. Prexuízos lingüísticos. | B4.7. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. | CCL<br>CSC |
| | | | B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos. | |
| **Bloque 5: Educación literaria** | | | | |
| h<br>j | B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | CCL |
| | | | B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | galego e en español dos séculos XX e XXI. | |
| | B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | B5.2. Ler e comentar de xeito autónomo obras representativas das literaturas en galego e en español do século XX e XXI e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. | B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | |
| | | | B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | |
| | B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, escoitar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | B5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | |
| | | | B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI. | |
| b<br>h<br>j | B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | |
| e<br>h<br>j | B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes. | B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes. | B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. | |
| | | | B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de | CCL<br>CD |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | traballos e cita axeitada destes. | |
| h<br>l<br>n | B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula. | CCL<br>CCEC |
| | | | B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | CCL<br>CCEC |

## *Lecturas obrigatorias*

En cada un dos cursos nos que se imparte esta materia, e dacordo co xa establecido en cursos anteriores, fixarase en cada curso un libro de lectura obrigatoria, a fin de consolidar e/ou conseguir algún dos obxectivos propostos. Engadiranse libros optativos para aqueles discentes que estean dispostos a ler máis e así o desexen.

Co fin de comprobar que a lectura ten sido realizada, levaranse a cabo diversas probas (exames, realización de traballos ou de fichas, preguntas orais...) que garantan que este traballo levouse a cabo e o alumno comprendeu e aproveitou a lectura.

Isto non quere dicir que na aula non se destine tempo para a lectura; non só se levarán a cabo as incluídas nos libros de texto (tanto literarias como as precisas para acadar novos coñecementos), senón que se incluirán novas referencias bibliográficas que desperten o interese do alumnado (por ser temas de actualidade, controvertidos, vencellados a un autor ou a un personase que estudiaran...), de xeito que, como mínimo, quince minutos de cada hora lectiva estén destinados a mellorar as destrezas lectoras dos alumnos, así como a mellorar as súas habilidades na comprensión e redacción de textos ou a animalos a apreciar o valor da tradición e/ou da orixinalidade presentes nestes mesmos textos.

# ÁMBITO DE COMUNICACIÓN: INGLÉS

## 1. Contidos do 3º e 4º curso de ESA

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensinanza e de aprendizaxe:

- **Bloque 1: Escoitar, falar e conversar (20%)**

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral, por iso o primeiro bloque céntrase en potenciar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, e incídese na importancia de que o modelo lingüístico de referencia oral proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

**Bloque 2: Ler e escribir (20%)**

Este bloque incorpora tamén os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

- **Bloque 3: Coñecemento da lingua (40%)**

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua que lle permitan ao alumno/a estabelecer cales elementos da lingua estranxeira se comportan coma nas linguas que coñece e que estratexias lle servirán para progresar na súa aprendizaxe, co fin de adquirir confianza nas súas propias capacidades.

- **Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural (10%)**

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países onde se fala a lingua estranxeira.

- BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR
- Audición e comprensión de mensaxes emitidas dentro da aula relacionadas coas actividades habituais: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información xeral e específica de textos orais auténticos e adaptados, propios das situacións de comunicación traballadas neste nivel e con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave.
- Produción de textos orais breves e coherentes sobre temas de interese persoal e cunha pronuncia adecuada.
- Participación en conversacións e simulacións dentro da aula, con pronuncia e entoación adecuadas para lograr a comunicación.
- Emprego de respostas adecuadas en situacións de comunicación na aula.
- Desenvolvemento de estratexias de comunicación para superar as interrupcións na comunicación e para iniciar e concluír intercambios comunicativos.

- BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR
- Anticipación do contido antes e durante a lectura de textos sinxelos.
- Comprensión da información xeral e específica en diferentes textos, en soporte papel e dixital, auténticos e adaptados, tales como historias ilustradas con fotografías, diálogos, redaccións, descricións, correos electrónicos, biografías ou anuncios, artigos de revistas e de xornais, etc. sobre diferentes profesións,

actividades de tempo libre, as casas Vitorianas, a cidade de Cambridge, as vacacións dunha adolescente, un famoso *chef*, a zona de Lake District e unha deseñadora de moda.

- Identificación de aspectos interesantes sobre a cultura británica ou doutros países de fala inglesa nos textos da sección *Did You Know?* ao final das páxinas de repaso.
- Uso de estratexias de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais; utilización dos coñecementos previos sobre o tema; inferencia de significados polo contexto, por elementos visuais, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento e iniciación no uso dalgunhas fórmulas que diferencian a linguaxe escrita (anuncios e correos electrónicos) da linguaxe oral.
- Composición de distintos textos con axuda de modelos tales como as respostas a unhas preguntas, unha descrición das actividades de tempo libre que realizan, unha descrición dun cuarto, unha narración das cousas que fixeron a semana anterior, plans para un futuro inmediato, consellos para a saúde, un lugar especial, diferentes tipos de roupa, etc. Utilizaranse elementos básicos de cohesión e estratexias elementais no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

<u>Elementos morfolóxicos</u>

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua.

- <u>Léxico / Vocabulario</u>
- Relacionado cos temas tratados: profesións, preposicións de lugar, partes do corpo, actividades de tempo libre, enderezos e indicacións, emocións, adxectivos, actividades de vacacións, animais, estacións e tempo atmosférico, medios de transporte, comidas e bebidas, tecnoloxía, deportes, elementos xeográficos, roupa, verbos, etc.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e aos temas tratados no curso.

- <u>Estrutura e funcións da lingua</u>
- Uso correcto dos verbos **to be** e **have got**. (Unidade de Introdución).
- Saúdos e presentacións intercambiando información persoal. A estrutura **like** + nome / xerundio; **a / an / some / any** (unidade 1).
- Fórmulas para falar sobre rutinas e accións habituais e para dar enderezos. O *Present Simple* e o *Present Continuous* e as diferenzas de usos entre ambos; os *"Stative Verbs"* (unidade 2)
- Fórmulas para falar do pasado. O verbo **to be** en pasado; **There was / There were** (unidade 3).
- Fórmulas para falar sobre feitos pasados. O *Past Simple* (unidade 4).
- Predicións e plans. O futuro con **will** e con **be going to**, e o *Present Continuous* con valor de futuro (unidade 5).
- Fórmulas para expresar habilidade, posibilidade e permiso, para falar sobre obrigas e prohibicións e para facer advertencias. Os modais: **can / should / must**, os posesivos e os pronomes obxecto (unidade 6).
- Fórmulas para falar sobre experiencias pasadas. O *Present Perfect Simple* (unidade 7).
- Fórmulas para comparar persoas e cousas. Adxectivos de grao comparativo e superlativo; adverbios (unidade 8).

- <u>Fonética</u>
- Pronuncia de sons vocálicos e consonánticos que aparecen en palabras cunha escritura parecida ou de especial dificultade. (Unidade 1, 7 e 8)
- Pronuncia das formas de xerundio. (Unidade 2)
- Pronuncia das formas **was** e **were**. (Unidade 3)
- Pronuncia das formas dos verbos regulares en pasado. (Unidade 4) ▪Pronuncia das formas contraídas **'ll** e **won't** (unidade 5).
- Pronuncia das formas contraídas **can't, mustn't** e **shouldn't** (unidade 6).

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- Uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexión sobre o uso e o significado das formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.
- Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en tarefas e traballos de grupo.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

- BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

Os aspectos socioculturais trátanse de modo intrínseco en todos os textos orais e escritos, así como no apartado *Did You Know?,* no que se presentan datos interesantes sobre a cultura británica e a doutros países de fala inglesa.

## 2. Criterios de avaliación de ESA

***Modulo 3. Bloque 1.***

**1. Identificar a idea principal e os detalles relevantes de textos e mensaxes orais sinxelas sobre temas coñecidos e próximos á experiencia do alumnado adulto, emitidos con claridade, cara a cara ou por medios técnicos (radio, televisión, etc.).**

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para seguir instrucións, comprender avisos, diálogos ou exposicións breves sobre temas coñecidos (lecer e tempo libre, preferencias, experiencias persoais, organización da aula) cunha pronunciación estándare utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais. Preténdese tamén avaliar que o alumnado é capaz de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos aos lugares públicos...) para o obxectivo comunicativo, relativos a accións, acontecementos e necesidades cotiás en tempos presente e pasado.

**2. Comprender a información xeral e os datos máis relevantes de textos escritos auténticos, de extensión variada e sinxelos, e próximos ao alumnado adulto.**

Mediante este criterio valorarase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos sinxelos (narrativos, descritivos, argumentativos) que traten temas de interese xeral, aplicando as estratexias de lectura coñecidas e outras novas, como a identificación do tema por medio de elementos textuais e paratextuais.

**3. Expresarse intelixiblemente e solicitar a colaboración do interlocutor e responder igualmente á petición deste para asegurar a comprensión e o mantemento da comunicación.**

Con este criterio trátase de verificar, en todas as tarefas de interacción oral, que se é capaz de mobilizar recursos lingüísticos, como a utilización de expresións memorizadas fixas para pedir que lle falen a un máis a modo, que lle repitan o que lle dixeron, ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu.

**4. Escribir de forma guiada textos diversos sinxelos e breves, coidando o léxico, as estruturas e os elementos de cohesión e coherencia, para remarcar a relación entre as ideas e facelos comprensibles ao lector.**

Con este criterio preténdese valorar se o alumnado adulto é capaz de comunicarse por escrito facendo uso do rexistro adecuado. Os textos incluirán unha sintaxe simple e facilmente comprensible, un léxico limitado pero apropiado ao contexto, e a ortografía e a puntuación correctas.

5. **Aplicar os coñecementos sobre a lengua estranxeira e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e como instrumento de autocorrección e autoavaliación, para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.**

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxes orais en lingua estranxeira, e para compoñer e revisar mellor os seus propios textos.

***Modulo 3. Bloque 2.***

1. **Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos sinxelos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa a situacións de necesidade inmediata.**

Mediante este criterio preténdese avaliar que o alumnado é capaz de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos aos lugares públicos...) para o obxectivo comunicativo, relativos a accións, acontecementos e necesidades da vida cotiá.

2. **Intervir en conversas e simulacións relacionadas coas experiencias persoais, cos plans e proxectos propios, con progresiva autonomía. Empregaranse estruturas sinxelas, as expresións máis usuais, e unha pronunciación que non impida a comunicación.**

Con este criterio trátase de valorar a capacidade do alumnado adulto para participar en situacións de comunicación oral que impliquen a comprensión e a as habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (simulacións, comunicacións mediante as novas TIC, etc.) As mensaxes poderán ser aínda titubeantes, incluír un léxico reducido e conter erros morfosintácticos.

3. **Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación dunha maneira cada vez máis autónoma para buscar información, escribir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas.**

Mediante este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado adulto de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicarse e aprender en actividades habituais da aula e para establecer novas relacións persoais. As comunicacións tratarán sobre temas familiares para o alumnado adulto previamente traballados.

4. **Escribir descricións moi breves e básicas de lugares, obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas, e co léxico propio da descrición de características físicas e psicolóxicas elementais pero precisas.**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado adulto para facer descricións elementais sobre lugares e obxectos familiares utilizando un repertorio lingüístico sinxelo pero amplo.

5. **Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con temas cotiáns.**

Con este criterio téntase avaliar a capacidade de redactar textos sinxelos e breves sobre contecementos, actividades, plans e proxectos relativos a asuntos cotiáns ou de interese persoal, usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas conconectores simples nas cales, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir.

**6. Recoñecer os aspectos culturais máis importantes dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada, destacando as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores desa sociedade e valorando positivamente os patróns culturais distintos aos propios.**

A través deste criterio valorarase se o alumnado adulto é capaz de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos característicos da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira, se os pode describir de maneira sinxela e se amosa respecto por eles.

***Modulo 4. Bloque1.***

**1. Identificar a idea principal e os detalles relevantes de textos e mensaxes orais sinxelas sobre temas coñecidos e próximos á experiencia do alumnado adulto, emitidos con claridade, cara a cara, ou por medios técnicos (radio, televisión, etc.).**

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado adulto para comprender mensaxes orais que traten sobre as necesidades materiais e as relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións das persoas adultas.

**2. Intervir en conversas sinxelas e en simulacións, usando estratexias adecuadas aos diversos momentos da comunicación: inicio, mantemento e remate. O discurso será comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.**

Con este criterio valorarase a capacidade do alumnado adulto para desenvolverse en conversacións sinxelas con funcións diferentes (establecer relacións, expoñer, narrar e argumentar, describir e dar instrucións).

**3. Usar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira autónoma con diferentes propósitos: buscar información, escribir textos sinxelos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e establecer relacións persoais orais e escritas.**

Este criterio trata de valorar a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicarse e aprender a través das actividades habituais da aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas.

**4. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e sinxela, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos das persoas adultas.**

Con este criterio preténdese verificar a capacidade do alumnado para identificar as formas lingüísticas que expresan a intención de comunicación do remitente, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado.

**5. Comprender, de maneira suficiente, correspondencia formal breve para captar as informacións principais que conteña sobre cuestións básicas ou relacionadas co seu traballo.**

Quérese avaliar con este criterio o coñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo ao destinatario, corpo da carta, despedida e sinatura), así como a capacidade de comprender un repertorio básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a solicitude dun traballo, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc., coa axuda dun dicionario.

**6. Dar información elemental escrita sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses propios do alumnado adulto.**

Mediante este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para escribir información básica, como redactar un *curriculum vitae* esquemático, cubrir enquisas e cuestionarios breves, etc., sobre o traballo (profesión, horario, lugar de traballo...), os estudos, os hábitos (condicións de vida, horarios e actividades diarias) e os seus intereses (deportes, música...), dun xeito breve e sinxelo, usando estruturas básicas e aprendidas e utilizando un repertorio léxico moi básico e limitado, pero propio do tema.

***Modulo 4. Bloque 2.***

**1. Desenvolverse en situacións de comunicación orais da vida cotiá, reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de interese, desinterese, contento, satisfacción, decepción, esperanza, preferencia, admiración, sorpresa e tristeza, con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.**

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado adulto de expresarse nun rexistro estándar en situacións en que se deban amosar sentimentos ante as persoas implicadas na interacción, utilizando os marcadores lingüísticos de relacións sociais básicas, as normas de cortesía, fórmulas fixas e habituais e logrando a adecuación sociolingüística á situación de comunicación.

**2. Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos, breves e sinxelos; textos que presenten unha secuencia linealde elementos, publicados en medios de información, e que traten temas moi coñecidos ou relacionados coa súa experiencia e intereses das persoas adultas.**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para localizar información específica básica. Por exemplo, nunha entrevista: información sobre o carácter da persoa, o aspecto físico, os gustos; nunha noticia breve ou suceso: o lugar e as persoas implicadas; nunha narración, as liñas xerais do argumento, os personaxes que as levan a cabo, o tempo ou o espazo onde se desenvolven.

**3. Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con asuntos cotiás e de interese persoal nas distintas áreas temáticas.**

Con este criterio avalíase a capacidade de redactar textos breves e sinxelos sobre actividades, acontecementos de temas cotiás e de interese persoal, empregando os tempos verbais en presente, pasado e futuro, usando unha serie de oracións sinxelas enlazadas con conectores simples.

**4. Empregar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo os textos modelo.**

Con este criterio preténdese avaliar, en todas as tarefas de expresión escrita, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten o proceso de escritura seguindo modelos de textos de características similares: a planificación e o ensaio do texto; a revisión que garanta a corrección tanto ortográfica como na orde das palabras e na presentación do escrito. Tamén se valorará o uso eficaz de materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, as novas tecnoloxías, etc.)

**5. Aplicar os coñecementos sobre a lengua estranxeira e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.**

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxes orais en lingua estranxeira, e a composición e revisión de textos.

**6. Recoñecer os aspectos culturais máis importantes dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada, destacando as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores desa sociedade e valorando positivamente os patróns culturais distintos aos propios.**

A través deste criterio valorarase se o alumnado adulto é que de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos característicos da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira, se os pode describir de maneira sinxela e se amosa respecto por eles.

## 3.Mínimos esixibles para unha avaliación positiva na ESA.

- *NIVEL II (ESA 3-4)*

***Modulo 3. Bloque 1.***

- Escoita, identificación e comprensión de información xeral e específica de mensaxes sinxelas, de progresiva dificultade, cara a cara ou emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos, pronunciados con lentitude e claridade.

Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua.

- Participación en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos
- Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas, e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión de borradores) que axuden á reflexión sobre o proceso de escritura.
- Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados coas áreas temáticas.
- Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación na lingua estranxeira
- Uso apropiado desde o punto de vista sociocultural de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos como cortesía, acordo, discrepancia, etc.

***Modulo 3. Bloque 2.***

- Produción oral de descricións, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.
- Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira.
- Comprensión de textos propios da vida cotiá
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos: chats, e-mail, etc.
- Na lingua estranxeira, aplicación de diferentes estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe (dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación) para a aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita na lingua estranxeira.
- Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais.

***Modulo 4. Bloque 1.***

- Escoita, identificación e comprensión do significado xeral e específico de conversas sinxelas sobre temas coñecidos, presentados de forma clara e organizada, co fin de contestar preguntas ou cuestións sobre temas coñecidos.
- Participación activa en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversas fins comunicativas.
- Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital, utilizando correctamente a ortografía e os signos de puntuación na lingua estranxeira.
- Uso de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados coas áreas temáticas de estudo.

Recoñecemento e produción autónoma de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases na lingua estranxeira.

***Modulo 4. Bloque 2.***

- Uso de estratexias para desenvolver a comprensión das mensaxes orais: contexto verbal e non verbal, coñecementos previos sobre a situación, identificación das palabras clave e da actitude e intención do falante.
- Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e terminar a interacción na lingua estranxeira.
- Obtención de información xeral de textos orais auténticos, gravados e en soporte multimedia que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversa habituais.
- Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe (dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou recursos informáticos).
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe da lingua estranxeira e uso de estratexias de autocorrección
- Uso apropiado, desde o punto de vista sociocultural, de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos, como cortesía, acordo ou discrepancia.

# 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

**Secundaria**:

A principio de curso, realizarase unha pre-avaliación para coñecer o alcance das deficiencias e virtudes cognitivas do alumno nesta materia, o que nos permitirá, de maneira inmediata, detectar os casos problemáticos e establecer cál é o nivel medio da aula. Esta avaliación é puramente orientativa e ten que contemplarse como unha

ferramenta de axuda ao profesorado, por canto lle permitiría apreciar as destrezas e habilidades dos discentes.

Ao longo do curso, irase valorando a actitude do alumno cara a materia (o traballo diario, a claridade expositiva, a prontitude e disposición á hora de facer os exercicios ou as actividades propostas, a disposición á aprendizaxe...) e, de maneira periódica, poderanse solicitar traballos puntuais a alumnos con especiais dificultades nalgún apartado da materia. Aquel alumno que non participe activamente (sistematicamente non faga os exercicios solicitados, descoñeza os contidos básicos da disciplina, amose un desinterese acusado...) será avaliado negativamente.

Ao longo de cada curso, realizaranse unha ou varias probas que poderían incluir toda a materia impartida ata ese momento ou aquela que non tivera sido incluída en probas anteriores. Para determinar a nota farase a media exacta das notas obtidas durante a avaliación nas diferentes probas escritas. Tras coñecer os resultados da avaliación, procederase a diseñar as actividades de recuperación que parezan pertinentes para cada alumno, a fin de conseguir que alcance as destrezas básicas, sempre e cando non quede "descolgado" das novas actividades que se realizan na aula. Para os alumnos que o precisen, elaboraranse probas de recuperación.

O feito de conseguir unha correcta ortografía e expresión son dous puntos que se consideran fundamentais á hora de avaliar ao alumno, dado que se espera deste que adquira -co paso do tempo-un perfecto manexo dos mecanismos de escritura; por isto, unha ortografía ou expresión deficiente condicionará a avaliación negativa do alumno (a mesma obrigatoriedade dos libros de lectura persigue –entre outras- a finalidade de fixar a correcta ortografía das palabras que integran o texto e contribuir a ampliar o caudal léxico dos discentes, bastante deficiente). Cada falta de ortografía diferente penalizarase con 0,05 e poderase restar ata 2 puntos da nota final.

A mesma avaliación negativa producirase cando non se proceda á lectura dunha das obras propostas ou no se respondan satisfactoriamente as preguntas que sobre a mesma se teñan plantexado, posto que se trata de interesar ao alumno na capacidade creativa e crítica, abrirlle os ollos a novas experiencias, a outras perspectivas culturais e intelectuais, etc. A fin de fomentar a lectura, valorarase positivamente a lectura de máis libros que o obrigatorio –dentro dun listado recomendado polo docente desta materia-, de xeito que sumaremos 0'25 ptos. máis por cada libro extra lido á nota final de calquera exame no que se teña demostrado ter feito unha lectura comprensiva do texto

A avaliación positiva concederase a aqueles alumnos que participen activamente -de forma positiva- e con regularidade no desenvolvimento das clases desta disciplina, á vez que vaian demostrando unha mellora nos resultados académicos debidos ao seu esforzo persoal -desde principios ata finais de curso-, asenten e acaden os contidos marcados no apartado correspondiente ao seu curso, así como as destrezas xerais (comprensión lectora, corrección ortográfica...) e executen os traballos obrigatorios (lecturas, etc.). Asimesmo, valorarase de forma positiva o interese pola aprendizaxe (formulación de preguntas para resolver dúbidas, etc.).

En caso de que un alumno fose observado copiando ou utilizando calquer medio dixital (móvil, auriculares, reloxo) para elo nun exame, se lle retirará o exame e terá un 0 na nota dese exame, sen posibilidade de repetilo.

Debe engadirse ao anteriormente exposto que, por ser a docencia compartida entre as tres materias que integran o ámbito, a nota do Ámbito de Comunicación será a media aritmética entre estas, sempre e cando en cada unha das materias implicadas se teña conseguido unha nota mínima de 5 e non conste ao profesorado que imparte o ámbito de

comunicación o abandono de ningunha das materias que o integran. De non ser así, a avaliación será negativa. Para acadar esa nota mínima de 5 farase unha media das diferentes notas obtidas nas probas escritas. O alumno que suspenda algún dos exames parciais deberá examinarse de aqueles que estén suspensos na semana final do cuatrimestre e deberá acadar unha cualificación igual ou superior a 5.

# 7. METODOLOXÍA

## 7.1. MODALIDADE PRESENCIAL

Os textos orais e escritos son o soporte fundamental desta disciplina, polo que en todo momento intentaranse asentar os novos contidos a partir da análese e do comentario dos mesmos, valorando a capacidade do alumno para formar textos correctos e esteticamente agradables.

Estudiarase a materia como un todo unitario, tanto na súa parte práctica como na súa vertiente teórica, intentando conxugar os distintos niveis e aspectos que esta presenta: ortografía, léxico, comprensión oral e escrita...

Dacordo con isto, a exposición de conceptos en clase tan só ocupará unha parte do tempo que a materia ocupa, asegurándose a comprensión da información mediante a execución de exercicios destinados a tal finalidade e a resolución das dúbidas que se presentan.

Intentarase evitar a monotonía do proceso de aprendizaxe, para o cal se buscarase a variedade das actividades sinaladas, sempre e cuando estas sirvan para alicerzarar os conceptos, os procedimientos e as actitudes desexadas nos obxectivos.

Por todo isto, utilizarase como base da aprendizaxe diferene soporte como fotocopias, apuntes, libros,  que se verá complementado polo emprego de xornais, revistas, diccionarios, enciclopedias, biografías, videos de interese para a materia (que

nos permitirán comprobar cómo ten sido llevado un libro á pantalla, coñecer ao seu autor, acercarnos con maior fluidez e inmediatez ao texto, etc.) e calquera outro soporte que facilite a comprensión e asegure a atención do alumnado.

Asemesmo, procurarase fomentar e dinamizar o uso da biblioteca escolar, promovendo o amor pola lectura, o interese polas novidades e os textos clásicos, as destrezas necesarias para procurar información requerida, a habilidade para desenvolver traballos de creación propia, etc. O Plan Lector do centro será unha das tarefas ás que este Seminario prestará especial atención, non só fomentando a lectura individual e autónoma dos alumnos, senon a colectiva e grupal, a comprensión lectora, a correcta expresión escrita e oral dos propios pensamentos, a liberdade da imaxinación e o pracer pola reflexión serán obxecto do noso traballo. Colaboraremos activamente co Grupo da Biblioteca do centro e co Clube de Lectura  para lograr que os nosos alumnos se adentren no mundo da lectura.

O tempo dedicado á lectura será o dunha hora lectiva cada semana, (entendendo que, nese espazo de tempo, tamén se traballarían cuestións relativas á comprensión lectora –elaboración de esquemas, resumes, determinación da estrutura e tipoloxía textuais, etc.-)

## 8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua ao longo do curso. Faranse probas suficientes por cada cuatrimestre para valorar o grado de coñecemento dos conceptos. Estas probas consistirán nun examen da materia dada. Asimesmo teranse en conta os traballos feitos en clase e na casa, libreta, informes. Igualmente formarán parte dos procedementos e instrumentos da avaliación a pulcritude nos traballos, o respecto polas normas, a responsabilidad, cooperación,...

## 9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No caso dos contidos conceptuais, dada a amplitude da materia en todos os cursos, faranse exames parciais seguindo a temporalización indicada para cada asignatura. Así, na avaliación final ordinaria terase en conta toda a materia dada ao longo do curso.

O alumno deberá, xunto coa lectura dos libros indicado, acadar un 5 como nota media dos exames e probas que realice e acadar nun 75% dos estándares de aprendizaxe un indicador de grao de adquisición que indique que os supera con suficiencia.

A nota final de cada curso será o resultado de realizar a media exacta das probas realizadas durante a avaliación, á cal poderá sumarse ou restarse un 10% da nota dos diferentes exercicios e traballos mandados polo profesor. Para a suma deste 10% sempre deberá terse acadado como mínimo un 5 como media dos exames.

Se todas as probas resultan superadas, a nota da avaliación final ordinaria será o resultado de realizar a media das notas das probas. No caso de que haxa probas sen superar, a nota da avaliación final ordinaria será a resultante do exame que deberá realizar o alumno tras a finalización do curso cando indique o profesor da materia.

En caso de que o alumno non supere unha das materias que conforman o ámbito suspenderá o ámbito e na avaliación extraordinaria correspondente deberá examinarse tan só da materia suspensa.

## 10. MÍNIMOS EXIXIBLES PARA OBTER UNHA CALIFICACIÓN POSITIVA

Esixirase alcanzar un grado satisfactorio de adquisición das competencias básicas

e dos obxectivos tanto xerais como específicos, así como dos estándares de aprendizaxe, expostos nos puntos anteriores, debendo alcanzar o alumno sempre unha nota mínima de 5 para superar a materia nas diferentes probas, traballos e valoracións que realice o profesor e un 75% dos estándares de aprendizaxe un indicador de grao de adquisición que indique que os supera con suficiencia e que lle permite ao alumno ou alumna continuar coa sua aprendizaxe no curso seguinte.

# 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, (en base ao recollido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño) por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

De igual xeito, buscarase a localización mais idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda. Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes

alumnos/as. Para conseguir isto:

- Propoñeranse diferentes tipos de actividades: de ampliación, reforzo, investigación
- Aplicaranse ritmos de traballo axeitados as características individuais do alumnado
- Aumentaranse ou diminuiranse os ritmos de presentación dos  contidos.
- Ampliaranse ou reduciranse os bloques de contidos
- Organizaranse grupos de traballo flexibles.
- Propoñeranse adaptacións curriculares.

## 12. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Existirá unha convocatoria extraordinaria en maio (e outra en xuño) para todos os alumnos que teñan pendente esta materia de cursos anteriores. Non obstante, a fin de favorecer o traballo e a dosificación do mesmo, por parte do alumnado, o profesor establecerá exames parciais ou traballos para superar a materia, pactando previamente a profesora e os alumnos cómo se fragmentaría a materia e establecendo entre ambas as dúas partes un horario convinte para a realización das probas. A isto debe facerse unha matización: no momento en que a fragmentación do exame global supoña unha carga e non unha avantaxe para os alumnos (discusións no tocante á data das probas, etc.), a profesora manterá a nota das realizadas ata ese momento e informará aos alumnos de que, para os contidos restantes, deberán remitirse á proba global.

Seguiranse os mesmos criterios de avaliación que sinalamos no apartado anterior, coa salvedade de que non poderá ser valorado o traballo desenvolvido na aula, polo que

o único documento base sobre o que se efectuará a avaliación correspondente será o exame ou os traballos (léase no apartado anterior a nota sobre os defectos de expresión). Os contidos sobre os que se examinará o alumnado serán os do curso anterior.

## 13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Prantéxanse como posibles as seguintes:

- Conferencias de autores destacados.
- Asistencia a actividades culturais ou lúdicas relacionadas coa lingua ou coa Literatura (disfrute de obras teatrais ou cinematográficas, visitas a casas-museo de escritores sobresaíntes nados ou educados no noso propio ámbito xeográfico, asistencia a exposicións, etc).
- Organización e exposición de actividades relacionadas co mundo da lingua e da literatura.
- Participación en concursos relacionados coa lingua e/ou coa literatura, axeitados ao nivel escolar dos discentes.
- Participación no Clube de Lectura do centro.

As actividades terán lugar dentro e fóra dos límites do horario, así como dentro e fóra do recinto escolar. Para a realización dalgunas actividades, solicitarase a axuda doutros Seminarios, si tiveran a ben colaborar co noso, así como a doutras entidades relacionadas directa ou indirectamente co Centro (APA, Concellalía de Cultura, etc.).

De momento, tense programado.

- Visita o arquivo do Reino de Galicia.

-Celebración do *Día do libro, 23 de abril*. Este Departamento, en colaboración co Seminario de Lingua e Literatura galega do noso centro pretende celebrar o día do libro noutra cidade vencellada a escritores de zona.

De non ser posible realizar esta saída cultural, este día celebrarase como anos anteriores no centro durante o horario lectivo 8,30-14,10h.

A biblioteca convertirase nun lugar de traballo, diversión, innovación e creación, colaborando coas actividades do Grupo de Biblioteca e do Clube de Lectura.

## 14. PROXECTO LECTOR

Con este proxecto búscase fomentar no alumnado o gusto pola lectura, pola escritura e para axudalo a acadar as competencias básicas. Procurarase:

- Achegar o alumnado á Biblioteca do Centro e de aula para mergullarse “nese universo de saber e coñecemento” que agochan os libros.

- Intentar formar lectores e lectoras competentes que gocen do pracer da lectura.

- Ensinar que ler é un pracer que debe ser compartido coa música, cunha boa compañía... ou en solitario.

- Axudar a manexar distintas fontes informativas, en calquera soporte para o tratamento dos seus contidos.

- Amosar que a Biblioteca é un lugar ao que poden e deben acudir porque descobre moitos “segredos”.

- Animalos a ser escritores e escritoras.

Para conseguir isto empregaranse, cun enfoque funcional, as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos

específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballaranse con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

Por todo iso, o Departamento de Lingua castelá e literatura vai contribuír para que a lectura constitúa unha actividade clave na educación do alumnado -xa que o seu dominio abre as portas de novos coñecementos- pretendemos contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector do seguinte xeito:

1- Lectura comprensiva: Faranse catro lecturas comprensivas por avaliación, seguindo as propostas dos libros de texto correspondentes.

2- Lectura de escolma de autores: Na parte correspondente á literatura leranse poemas, relatos ou fragmentos de obras dos autores máis representativos. Segundo o nivel farase un comentario de texto de menor ou maior dificultade.

3- Lectura e construción de diferentes tipos de texto: Coñecer e construír os distintos tipos de texto básicos: narrativo, descritivo, dialogado, argumentativo e expositivo, segundo a programación didáctica.

4- Obras de lectura: Haberá unha obra de lectura obrigatoria por avaliación. En 3º e 4º o alumnado terá a posibilidade de ler voluntariamente outras obras que sexas propostas.

En xeral, para o plan lector remitirémonos á programación didáctica na que tanto nos contidos procedementais como actitudinais a lectura, o seu fomento e a súa valoración aparecen como base fundamental do currículo desta materia .

# 15. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECONOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

As tecnoloxías da información e a comunicación incorporaranse como un recurso máis aos procesos de ensino- aprendizaxe. A súa aplicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes na aula.

O alumnado ao rematar a escolarización obrigatoria acadará unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Intentarase fomentar o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación en todos os cursos a través de:

- A utilización da aula virtual do centro como forma de comunicación co profesorado e de entrega e corrección de traballos e tarefas.

-A coordinación e a acción co profesorado das outras áreas e materias.

-O emprego das TICs para o traballo cotián e nas actividades de aula.

-A superación das limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas das desigualdades sociais.

-Participación en experiencias extraescolares que teñen a súa orixe en Internet:

-Desenrolar actividades de promoción da lectura a través das TIC, facendo que os alumnos coñezan os principais temas e ciclos literarios.

## 16. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso realizarase un seguimento da programación co fin de constatar a súa adecuación as características do alumnado en cada materia impartida por este departamento. Para iso despois de cada sesión da avaliación estudiaranse os seguintes puntos:

- Se a temporalización foi a adecuada en función das características e necesidades do alumnado
- Se os alumnos e alumnas tiveron dificultades nas tarefas de aprendizaxe dos diferentes contidos.

A vista destes datos introduciranse os cambios necesarios para que o alumnado acade os obxectivos previstos e as competencias básicas, se é posible ao longo do propio curso, senón serán datos moi importantes a ter conta no vindeiro ano.

## 17. PROTOCOLO DE INFORMACIÓN SOBRE A PROGRAMACIÓN

Co fin de informar debidamente ó aluMnado sobre a programación da materia se explicará na primeira sesión de cada curso atendendo a posibles dúbidas e se deixara un exemplar no aula para que o alumnado poida consultala. Para informar os pais dos alumnos publicaranse os criterios da avaliación de cada curso na web do centro.

As posibles modificacións da programación debidas a modificacións das normativas educativas conlevaran a repetición deste proceso informativo no momento en que as novas programacións entren en vigor.

| | |
|---|---|
| Asdo: Juan Iglesias Pereira | Asdo:Diego Pereiro Salgueiro |
| Xefe de departamento | |